

## Próxima convocatoria para a concesión de subvencións para a creación de *grupos operativos supra autonómicos*

O obxectivo desta axuda é a creación de grupos operativos **supra autonómicos** no marco do novo Programa Nacional de Desenvolvemento Rural (2014-2020), entendido como a asociación entre produtores, investigadores, empresas agrícolas ou/e outros actores, a fin de atopar solucións concretas para un problema. Con anterioridade xa foron convocadas en Galicia as axudas para o establecemento de grupos operativos rexionais, ([http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151230/AnuncioG0426-231215-0016\\_gl.html](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151230/AnuncioG0426-231215-0016_gl.html)), e as axudas para a posta en marcha de proxectos de Grupos operativos rexionais, ([http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160701/AnuncioG0426-280616-0001\\_gl.html](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160701/AnuncioG0426-280616-0001_gl.html)).

Bases reguladoras para a concesión de subvencións para a creación de grupos operativos **supra autonómicos**: <https://www.boe.es/boe/dias/2016/06/11/pdfs/BOE-A-2016-5719.pdf>

**Convocatoria:** Prevista para final de 2016 - principio de 2017.

**Sectores:** Agrario, alimentario e forestal.

**Orzamento convocatoria 2016:** 2 M€.

**Xornadas informativas:** MAGRAMA, 10-11-2016: <http://www.redruralnacional.es/-/taller-para-formacion-de-grupos-operativos-aei-agri-en-el-marco-del-pndr-2014-2020>

### Resumo da proposta según Bases Reguladoras

1.- Estrutura e contido da idea do proxecto innovador:

- Preámbulo (Referencia financiación FEADER).
- Nome do grupo operativo supra autonómico / proxecto (máx. 10 palabras).
- Síntese da idea de proxecto (máx. 30 palabras).
- Produto, sector e ámbito de traballo afectado polas innovacións planteadas (máx 20 palabras).
- Composición do grupo operativo supra autonómico.

2.- Representante agrupación, membros beneficiarios, membros subcontratados e membros colaboradores.

3.- Coñecemento ou experiencia que aportará cada un deles ao grupo:

- Usuarios finais: representatividade e peso sectorial no territorio e cuota de mercado. Organizacións nacionais.
- Centros de coñecemento: especialización, experiencia e capacidades.
- Outros perfís: aportación singular de valor.

4.- Previsión de colaboración con outros grupos operativos: nome, ámbito, obxectivos e forma de colaboración.

5.- Análise da situación de partida: Estado do coñecemento e técnica disponible, en xeral e dos membros participantes.

6.- Xustificación da necesidade do proxecto de innovación. Problemas a resolver e oportunidades a aproveitar. Tipo, extensión e intensidade dos potenciais impactos sobre o sector/ámbito.

7.- Obxectivos do proxecto de innovación. Ideas innovadoras baralladas a desenvolver e executar.

8.- Programa de traballo: actividades para conformar o grupo, e para redactar o proxecto de innovación. Contido e responsable. Subcontratacións e colaboracións previstas. Tarefas do axente de innovación.

9.- OPCIONAL) Actuacións de divulgación adicionais as obrigatorias.

10.- Formato: 25 páxinas. Arial 12. Interlineado: Simple. Márxenes izq. drto, superior e inferior: 2,5 cm.

11.- Límite máximo da subvención por grupo: 100.000€

- Viaxes, reunións e estancias: máximo 20 % del total de la subvención.
- Formación: máximo 10 % del total de la subvención.
- Axente de innovación: máximo 40 % del total de la subvención.
- Subcontratacións: máximo 80 % del total de la subvención. Incluye los gastos AI.

### Cales son os Obxectivos dun Grupo Operativo (rexional ou supra autonómico)?

Desenvolver:

- Proxectos de innovación concretos que atopen solucións innovadoras para:
  - Mellora de resultados económicos de explotacións; modernización, orientación a mercado, diversificación.
  - Mellora da competitividade; dar valor engadido aos produtos agrícolas, promoción en canais alternativos comercialización, agrupacións e organización de produtores, interprofesionais
  - Restaurar, preservar e mellorar ecosistemas; biodiversidade.
  - Acadar un uso máis eficiente da auga na agricultura.
  - Facilitar o suministro e uso de fontes renovables de enerxía, subprodutos, residuos; impulsar a bioeconomía.
- Combinar diferentes competencias (prácticas e científicas); perseguir o beneficio das interaccións.
- Crear grupos “prácticos” e aplicados a problemas reais.

### Fases na constitución dun Grupo Operativo

